



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN
CULTURAL SILVA DE SONS PARA A REALIZACIÓN DO CICLO ESPAZOS SONOROS 2018**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN CULTURAL SILVA DE SONS o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A colaboración coa Asociación Cultural Silva de Sons para a realización do Ciclo Espazos Sonoros 2018. O programa de concertos “Espazos Sonoros” é un ciclo de música que mistura diferentes estilos musicais, que se desenvolve en diferentes espazos etnográficos e antropolóxicos de gran riqueza patrimonial, cunha proposta variada de actividades de corte divulgativo que se desenvolve en igrexas, mosteiros, castelos, muíños..., con rutas guiadas e obradoiros que favorecen a participación dos distintos públicos.

O obxectivo desta programación é ofrecer ao público os elementos necesarios para acadar un maior e mellor entendemento e coñecemento da música, a cal será accesible e variada, e estará dirixida aos intereses tanto do público especializado como do público





xeral, contribuíndo ademais á captación de novos públicos para a música clásica e ao fomento dun lecer formativo e de calidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación Cultural Silva de Sons é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión da música dende as mais amplas perspectivas, centrándose non só no artístico, senón tamen no referido ao estudo histórico, patrimonial, científico, técnico e, especialmente educativo.

Polo que a Asociación Cultural Silva de Sons é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

